A fonética está tratada de forma sistemática, conducindo á percepción dos fonemas máis difíciles -sons vocálicos e consonánticos- e facilita a discriminación de sons próximos en frases humorísticas ou en trabalinguas. O ritmo e as entoacións trabállanse ao longo das memorizacións dos textos propostos nas leccións.

5. COÑECEMENTO DA LÍNGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE: ELEMENTOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS E LÉXICOS

(BLOQUE 5) A gramática presentada é unha gramática funcional: os feitos de gramática están sempre presentados en situación a partir de mensaxes, de entrevistas, de xogos, de mini-relatos. A gramática da lingua oral e a gramática da lingua escrita están diferenciadas para que o alumno teña consciencia do específico de cada código. Os exercicios de gramática propoñen uns procedementos de reflexión indutiva e comparativa. As comparacións teñen prioridade tanto na lingua francesa coma nas linguas xa coñecidas polos alumnos. Hai unha achega importante de vocabulario. Trátase de vocabulario esencial pero tamén de vocabulario « transparente » ou universal que será facilmente entendido en situación, e permitirá avanzar e presentar uns textos e unhas situacións máis reais e motivadores.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

a) Libros de texto:

1º ESO: Jeu de mots A1 , livre de l'élève et cahier d'exerecices.

Ed.Vicens Vives

2º ESO:Jeu de mots A1 , livre de l'élève et cahier d´exercices. Ed.

Vicens Vives

3º ESO: Jeu de mots A1/A2 , livre de l'élève et cahier d´exercices Ed.

Vicens Vives

b) Outros materiais:

Ademais dos libros de texto indicados, utilizaremos na clase materiais variados: - Textos extraídos doutros libros de texto do mesmo nivel, de xornais, revistas, folletos, publicidade… - Películas, gravacións reais, cancións… - Páxinas web e documentos extraídos da Internet. Exercicios, fichas e apuntes confeccionados polo profesorado. - Probas auténticas do DELF. - Diferentes fichas de autoavaliación e de actividades de reflexión sobre a aprendizaxe.

En xeral a nosa intención é empregar uns materias variados, sempre adaptados aos intereses e características dos alumnos. Tal e como indicamos no capítulo adicado a avaliación, os contidos establecidos nesta programación non soamente se desenvolverán co libro de texto de referencia, senón tamén

con estes materiais. A lectura constitúe un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas. Aínda que o desenvolvemento da capacidade lectora está ligada a nosa materia, por tratarse dunha competencia lingüística (a comprensión e a expresión escrita), ao carón das actividades lectoras usuais da clase, imos propoñer unha serie de textos e actividades. En 1º e 2º da ESO,, dado que os alumnos están familiarizándose coa lingua, os textos propostos para a lectura serán documentos ficticios ou semi-auténticos (cartas postais, folletos turísticos, textos publicitarios de viaxes, videos...). En 4º da ESO, imos traballar, con documentos auténticos ou semi-auténticos, máis complexos e extensos. Un día á semana empregaremos a clase para ler diferentes textos xa sexan novela, xornáis e facer comentarios e debates sobre eles.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓNN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

7.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos e instrumentos de avaliación están detallados por curso e estándar de aprendizaxe. Algunhas puntualizacións sobre estes instrumentos :

Respecto ás probas obxectivas faranse (como mínimo) **dúas por trimestre** (orais e escritas). Debido que os estándares de aprendizaxe que temos que avaliar son globais e trabállanse nas 3 avaliacións, os contidos impartidos nunha avaliación pode ser obxecto de exame en probas posteriores. As probas constarán de diferentes exercicios prácticos (orais ou escritos), atendendo ao establecido no punto 4 aplicando os estándares de diferentes bloques. Indicarase a puntuación que se obtén por cada exercicio correctamente feito segundo o grao mínimo de consecución e a rúbrica correspondente. Como é lóxico, penalizarase ao alumno que durante a proba empregue na súa axuda materiais non autorizados polo profesorado ou se aproveite do traballo dos compañeiros. A penalización será proporcional á falta, coma norma xeral anúlase a pregunta na que obtivera axuda “extra”.

Se a falta de asistencia xustificada é previsible, o alumno, ou os seus proxenitores/titores legais, deberán poñerse en contacto co personal docente da materia para fixar outra data.

Respecto ao diario de clase : os docentes terán unha ficha individualizada do alumnado na que se anotarán os niveis de consecución dos estándares e outras observacións pertinentes que son avaliados mediante este instrumento.

As actividades dos bloques de expresión escrita e expresión oral serán avaliadas coas rúbricas correspondentes. As probas de comprensión oral e escrita serán avaliadas mediante cuestionarios, preguntas abertas sobre os documentos, preguntas de verdadeiro ou falso… É importante remarcar que non soamente as actividades realizadas o día marcado pola proba obxectiva serán cualificadas, senón que se cualificarán actividades da clase

7.2. RUBRICAS PARA AVALIAR OS PERFÍS COMPETENCIAIS.

COMPETENCIA LGTCA. Expresión escrita.

R1_CCL_EE_1	Nivel 0	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Total
USO DA LINGUAXE sintaxe Léxico rexistro adecuado	Emprega estruturas e vocabulario repetitivo e/ou incorrectamente . Rexistro totalmente inadecuado	Escasa vairedade no uso de estruturas sintáciticas e vocabulario básico, en ocasións repetitivos.Usa un rexistro en ocasións inadecuado.	Emprega algunas estruturas sintácticas variadas e vocabulario axeitado. Fai uso en gran parte dun rexistro adecuado.	Emprega con éxito diferentes estruturas sintácticas e vocabulario variado e axeitado. Fai uso en todo momento dun rexistro adecuado.	
PRESENTACIÓN En prazo, plantilla e marxes, organización en párrafos, respeta condicións marcadas... (CAA, CCEC)	Entrega fóra de prazo e non segue ningunha das indicacións requeridas	Non cumpre moitas das condicións requiridas. Fai unha presentación pobre e non organiza ben a información	Cumpre a maioría das condicións requiridas. Fai unha presentación axeitada, organizando a información dun xeito aceptable	Presenta o traballo no tempo e nas condicións requiridas. Organiza a información en parágrafos ben delimitados	
ADECUACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS coherencia cohesión (CAA, CSIEE)	Non expón as ideas principais nin os detalles	Expón algunhas das ideas principais e aporta poucos detalles do tema.	Expón a maioría das ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando algúns detalles relevantes do tema	Expón as ideas de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema	
INICIATIVA e RECURSOS orixinalidade utilización das fontes de información apoio visual	Non aporta ningunha información nin reflexión complementaria ou a copia integramente da	Apréciase certa procura de información, pero non está correctamente seleccionada	Denota certa procura e selección de información e apoio visual. Achega	Denota procura e selecciona correcta de información e do apoio visual.	

planificación (CAA, CSIEE,CCEC,CD)	fonte sen revisala.	e nalgúns casos foi copiada directamente.	algunha información adicional e/ou amosa planificación	Achega detalles orixinais e amosa unha boa planificación.	
OBSERVACIÓNS GRAO MÍNIMO :					/12

COMPETENCIA LGTCA . Expresión oral

R2_CCL_EO_1	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
USO DA LINGUAXE sintaxe léxico rexistro adecuado	Emprega estruturas e vocabulario repetitivo e/ou incorrectamente . Rexistro totalmente inadecuado	Escasa variedade no uso de estruturas sintácticas e vocabulario básico, en ocasións repetitivo. Usa un rexistro en ocasións inadecuado.	Emprega algunas estruturas sintácticas variadas e vocabulario axeitado. Fai uso en gran parte dun rexistro adecuado	Emprega con éxito diferentes estruturas sintácticas e vocabulario variado e axeitado. Fai uso en todo momento dun rexistro adecuado.	
VOZ E LINGUAXE NON VERBAL dicción clara pausas entonación expresión corporal	Fala moi rápido ou apenas fala. Non vocaliza ben nin trata de repetir cando non se lle entende.	Fala bastante rápido e non vocaliza de todo ben. Nalgunhas ocasións fai repeticións para ser comprendido	Pronuncia con bastante claridade e a un ritmo comprensible . En ocasións reformula o seu discurso cando non se comprende	Pronuncia pausadamente e con claridade e repetindo ou reformulando cando non se lle comprende., mantendo unha expresión corporal axeitada.	
ADECUACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS coherencia cohesión (CAA, CSIEE)	Non expón as ideas principais nin os detalles.	Expón algunhas das ideas principais e aporta poucos detalles do tema.	Expón a maioría das ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando algúns detalles relevantes do tema.	Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema	
INICIATIVA E RECURSOS Orixinalidade utilización das	Non aporta ningunha información nin reflexión complementaria	Apréciase certa procura de información, pero non está	Denota certa procura e selección de información e apoio visual.	Denota procura e selección correcta de información e	

fontes de información - apoio visual planificación(CAA, CSIEE,CCEC,CD)	ou a copia integramente da fonte sen revisala.	correctamente seleccionada e nalgúns casos foi copiada directamente	Achega algunha información adicional e/ou amosa planificación	do apoio visual. Achega detalles orixinais e amosa unha boa planificación.	
OBSERVACIONS: GRAO MÍNIMO : 6/12					**/12**

RÚBRICA APRENDER A APRENDER

	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
CONTROL E XESTIÓN DA PROPIA APRENDIZAXE Conciencia das capacidades de aprendizaxe:atención, concentración, memoria, comprensión e expresión.	Non coñece as súas capacidades de aprendizaxe e/ou atribúe os seus fracasos a factores externos.	Recoñece únicamente algunhas das súas capacidades de aprendizaxe.	É consciente das súas capacidades de aprendizaxe, mais non as distingue en situación concretas	É quen de identificar en que medida as súas capacidades de aprendizaxe inflúen nos seus éxitos ou fracasos	
RESPONSABILIDADE Adquirir compromisos persoais sendo perseverante na aprendizaxe e al mesmo tempo acadar confianza en si mesmo	Non manifesta interese en mellorar a súa aprendizaxe e non cre nas súas propias capacidades para aprender.	Amosa interese en mellorar as súas capacidades de aprendizaxe, mais non persevera. Esfórzase en aprender non ter confianza nas súas capacidades.	É perseverante na súa responsabilidade de mellorar algunha das súas capacidades de aprendizaxe a curto prazo e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe	Potencias as súas capacidades de aprendizaxe e comprométes e en superar as deficiencias con perseverancia. Interese e curiosidade para ampliar os seus coñecementos	
HABILIDADE PARA XESTIONAR O TEMPO DE MANEIRA EFECTIVA. Planear e organizar actividades e tempos. Administrar o esforzo, autoavaliarse e autorregularse.	Non planea nin organiza as súas actividades e non é responsable co uso da axenda. Limítase a levar a termo as actividades que non lle requiren esforzo	Utiliza a axenda como instrumento de prantexamento de xeito ocasional. Leva a termo por si mesmo as actividades urxentes	Planea as súas tarefas coa axenda, mais non organiza axeitadamente o tempo preciso. Prioriza a importancia das actividades, mais non administra axeitadamente o esforzo e non é quen de mudar o seu prantexamento	Sérvese da axenda e/ou un horario semanal para planear e organizar as súas actividades a curto, medio e longo prazo. Prioriza as actividades segundo a importancia e o esforzo que lle requiren	
PENSAMENTO CRÍTICOCREATIVO E METACOGNICIÓN.	Non toma decisións sobre a	Non é quen de atopar alternativas	Toma decisións sobre a propia aprendizaxe,	Toma decisión sobre propia aprendizaxe,	

Toma de decisión sobre a propia aprendizaxe	propia aprendizaxe	para mellorar a súa aprendizaxe.	mais non avalía as súas consecuencias	avaliando as consecuencia	
OBSERVACIÓNS: GRAO MÍNIMO: 6/12					/12

RÚBRICA TRABALLO EN GRUPO (COMPETENCIA SOCIAL)

	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
RESPECTO E TOLERANCIA	Non escoita, non comparte nin apoia o traballo dos outros	As veces escoita, comparte e apoia o traballo dos outros	Xeralmente escoita, comparte e apoia o traballo dos outros	Sempre escoita, comparte e apoia o traballo dos outros	
INTEGRACIÓN NO GRUPO	Non participa	Apenas participa	Participa bastante	Participa totalmente	
APORTACIÓN PERSOAL	Non entrega o seu traballo	Entregou unha pequena parte do seu traballo con necesidade de seguimento	Entregou gran parte do seu traballo con necesidade de seguimento	Entregou todo o seu traballo a tempo e sen seguimento.	
MOTIVACIÓN	Non promove a cooperación e participación entre os membros do grupo	Poucas veces promove a cooperación e participación entre os membros do grupo	Case sempre promove a cooperación e participación entre os membros do grupo	Sempre promove a cooperación e participación entre os membros do grupo	
OBSERVACIÓNS: GRAO MÍNIMO: 6/12					/12

7.3. CUALIFICACIÓN

A nota numérica de cada avaliación será a media das cualificacións que se calcularán :

Consecución estándares Bloque 1 20 %

Consecución estándares Bloque 2 20 %

Consecución estándares Bloque 3 20 %

Consecución estándares Bloque 4 20 %

Consecución estándares Bloque 5 20 %

A nota numérica da terceira avaliación será:

Nota da 1ª avaliación: 20%

Nota da 2ª avaliación: 20%

Nota da 3ª avaliación: 60%

A nota da avaliación final será a nota que corresponda pola cualificación da proba realizada a finais do mes de xuño

7.4. RECUPERACIÓN

Non haberá, en principio, probas de recuperación, xa que polo sistema de cualificación empregado, que responde ao feito de que se trata dunha materia de contidos progresivos o alumnado practicamente pode superar a avaliación final superando a terceira . Sen embargo, e se o docente o considera oportuno polas características do alumnado ou pola marcha do curso, pode facer unha proba final de recuperación no mes de xuño, que en ningún caso será de obrigada realización por parte do alumnado con avaliación negativa.

Volvemos suliñar que a realización destas probas queda a criterio do docente, sen que sexa imperativa a súa realización en tódolos grupos aos que imparte clase.

No caso de que algún alumno ou alumna non sexa capaz de superar o curso terá a oportunidade de facelo na proba extraordinaria de xuño. A proba extraordinaria será similar á proposta na proba ordinaria.

NOTA IMPORTANTE: poderán ser obxecto de exame tódolos contidos expostos nesta programación, desenvolvidos na clase empregando diferentes materiais adaptados á idade e aos coñecementos dos alumnos (textos, cancións, documentos sonoros, fichas, mapas, páxinas web) e non soamente aqueles contidos desenvolvidos polo libro de texto de referencia.

8.AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES.

Para avaliar a práctica docente e o proceso de ensino podemos ter en conta unha variedade de indicadores que pódennos indicar o nivel de éxito do ensino da materia:

INDICADORES

- Índice de aprobados na avaliación ordinaria.

- Índice de aprobados na avaliación extraordinaria.

- Número de alumnos coa materia pendente de cursos anteriores.

- Alumnado de 2º que continúa co estudo de francés en 3º ESO (optativa)

- Alumnado de 3º que continúa co estudo de francés en 4º ESO (optativa)

- Alumnado que amosa interese por presentarse, ou se presenta, a probas oficiais (DELF) e resultados nestas probas.

- Alumnado que manifesta ter necesidade de clases particulares.

- Grao de motivación e participación do alumnado nas clases: traen o material, hai voluntarios para facer as actividades, realizan as tarefas...

- Existencia ou abundancia de reclamacións das cualificacións.

- Cualificación na materia de francés coherente coas súas cualificacións nas outras materias, sobre todo as lingüísticas, e particularmente a da primeira lingua estranxeira.

- Resultados das enquisas cubertas polo alumnado nas sesións de titoría.

9. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

No presente curso 2021 – 2022 non hai ningún alumno coa materia pendente do ano anterior

10. AVALIACIÓN INICIAL

Nos grupos de 1º da ESO, tendo en conta que é o primeiro ano que o alumnado cursa a materia, as probas de avaliación inicial versarán fundamentalmente sobre o seu coñecemento de léxico de uso común (préstamos lingüísticos) ou palabras transparentes. Faranse tamén cuestións sobre a súa motivación de cara a enfrontarse a unha nova materia, utilidade do plurilingüísmo...

No resto dos grupos elaborarase, durante as primeiras semanas de clase unha proba de avaliación inicial, segundo os contidos mínimos do curso anterior.

Medidas individuais: propostas de actividades de reforzo ou complementarias, integración do alumno nun grupo de traballo heteroxéneo.

Medidas colectivas: flexiblización da temporalización, diversificación de materiais, organización de traballo en grupos ou por parellas…

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para tratar a diversidade empregaremos 2 tipos de ferramentas:

a) Diversificación das técnicas e modalidades pedagóxicas:

- Organización do espazo-clase e agrupamentos de alumnos segundo as actividades e os intereses e motivacións do alumnado (reparto de tarefas en traballos cooperativos, de roles nas dramatizacións…)

- Favorecemento do traballo en grupos heteroxéneos de alumnos.

- Distribución do alumnado apropiada dentro de espazo da aula. Evitar o isolamento físico de alumnos que poidan querer distanciarse do grupo, moitas veces debido a unha baixa autoestima ou á intención de pasar desapercibidos.

b) Diversificación das ferramentas:

- Prácticas de ampliación e reforzo: proposta de actividades complementarias diversas (orais, escritas, individuais ou cooperativas). Os manuais empregados

na clase incorporan unha serie de actividades de reforzo e ampliación orais e escritas, para a elaboración na clase ou na casa.

- Traballo sobre dificultades específicas: reforzo visual ou auditivo de dificultades léxicas ou fonéticas: debuxos, materiais audiovisuais…

- Emprego de materiais de reforzo variados, incluíndo exercicios auto-correctivos na web para facilitar a autonomía do alumno e respectar os diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Utilización de pluralidade de materiais segundo os estilos de aprendizaxe do alumnado: visuais (observación de debuxos, fotos, vídeos…), auditivas (cancións, diálogos) cinéticas (xogos, dramatizacións) ou globalistas (proxectos, lecturas). Os materiais curriculares empregados serán variados, para adaptarse así aos intereses, motivacións e necesidades diversas do alumnado.

12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Segundo o estabelecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes

Comprensión lectora

Expresión oral e escrita.

Comunicación audiovisual

Tecnoloxías da información e da comunicación

Emprendemento

Educación cívica e constitucional

Faremos especial fincapé en todos os cursos no tratamento de temas tan graves como o acoso escolar e a igualdade entre homes e mulleres

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso debido á excepcionalidade provocada pola pandemia do COVID !9 non se realizará ningunha actividade extraescolar

14. REVISIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS.

Consideramos a programación didáctica como unha previsión duns obxectivos a cumprir mediante unha planificación de actividades adecuadas, baseada na

normativa e na nosa experiencia como docentes. Sen embargo, sempre respectando o marco legal, é necesaria certa flexibilidade: o desenvolvemento da nosa tarefa educativa diaria obríganos a facer as revisións oportunas, para que este proxecto didáctico se faga realidade adaptándose ás características dos grupos ou dos nosos alumnos, e ás circunstancias e ao medio no que se realiza a nosa tarefa docente.

Para a revisión das programacións empregaremos os indicadores seguintes:

ASPECTO A AVALIAR	PROPOSTA DE MELLORA
1. Temporalización dos estándares a traballar (cumprimento ou non do mesmo, puntos fracos...)	
2. Pertinencia dos procedementos e criterios de cualificación (resultados das probas obxectivas en consonancia cos resultados da	

observación directa...)	
3. Efectividade da metodoloxía (o alumnado mantén a atención, segue o ritmo da clase)	
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave (actividades axeitadas)	
5. Adecuación dos materiais didácticos	
6. Efectividade na atención a diversidade (rendemento do alumnado con NEAE)	
7. Traballo interdisciplinar (Colaborouse con outros departamentos)	

15. TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL.

15.1 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprensión oral e escrita/Expresión escrita	**Comprensión oral e escrita/Expresión escrita**
1. Saber establecer estratexias para comprender informacións esencias en pequenos textos coherentes relacionados cos diferentes aspectos comunicativos traballados ao longo do curso	1. O alumno desenrola estratexias para comprender as informacións esenciais de textos cortos orais e escritos.
2. Ser capaz de extraer información en pequenos textos: captar a información máis importante cos diferentes aspectos comunicati-	2. O alumno comprende, e identifica, documentos orais e escritos cortos 3. O alumno elabora de maneira coherente, pequenos textos escritos e de estrutura simple.

vos traballados ao longo do curso 3. Ser capaz de producir por escrito breves textos coherentes cos diferentes aspectos comunicativos .	
Expresión escrita 1. Coñecer e saber establecer estratexias para comprender e facerse entender 2. Ser capaz de formular frases e de producir pequenos textos para falar sobre os temas tratados nas diferentes unidades do curso. 3. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas e manexar frases curtas e fórmulas adecuadas para desenvolverse de forma suficientemente clara e cohesionada	**Expresión escrita** 1. O alumno coñece e sabe aplicar estratexias para expresar as informacións esencias en textos cortos e faise comprender. 2. O alumno produce textos breves de estrutura simple e clara. 3. O alumno comprende, identifica, fala e escribe frases e textos breves sobre os temas tratados nas diferentes unidades do curso
Aspectos socioculturais e sociolingüísticos 1. Valorar os documentos propostos como fonte de información e coñecemento. 2. Identificar e aceptar, a través do coñecemento da lingua, as diferencias culturais e de comportamento. 3. Incorporar á produción do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos	**Aspectos socioculturais e sociolingüísticos** 1. O alumno incorpora a produción persoal os coñecementos socioculturais adquiridos. 2. O alumno se interesa, comprende, lee documentos, elabora pequenos textos relacionados cos coñecementos socioculturais adquiridos. 3. O alumno acércase, mostra interese, curiosidade, reflexiona , sobre as similitudes e diferenzas entre o seu país e os países francófonos.
Aspectos gramaticais 1. Ser capaz de utilizar as partículas interrogativas 2. Diferenciar o uso dos pronomes persoais suxeito. 3. Ser capaz de usar correctamente os presentativos. 4. Recoñecer e utilizar as partículas interrogativas para identificar obxectos. 5. Dominar o uso dos artigos definidos e	**Aspectos gramaticais** 1. O alumno comprende e sabe realizar frases interrogativas. 2. O alumno comprende, diferencia e usa os pronomes suxeito . 3. O alumno comprende e utiliza os presentativos. 4. O alumno identifica e sabe facer preguntas para identificar obxectos. 5. O alumno identifica e usa os artigos

indefinidos. 6. Saber concordar o xénero e o número dos adxectivos. 7. Familiarizarse coa utilización de *tu* e *vous*. 8. Dominar a estrutura e o uso da forma negativa. 9. Coñecer, entender e utilizar a existencia e as regras da elisión. 10. Saber empregar correctamente o pronome **on** 11. Dominar o uso das preposicións de lugar. 12. Saber usar os determinantes posesivos dun soo posesor. 13. Identificar e saber conxugar e utilizar correctamente o presente do verbo **avoir** e do verbo **être** 14. Identificar e saber conxugar e utilizar correctamente o presente dos verbos tipo **habiter**. 15. Identificar e saber conxugar e utilizar correctamente o presente do verbo s'appeler 16. Saber conxugar e empregar o imperativo de certos verbos regulares correctamente	definidos e indefinidos. 6. O alumno comprende , identifica e concorda o xénero e o número dos adxectivos. 7. O alumno comprende, expresa e distingue a diferencia entre o uso de **tu** e **vous**. Coñece perfectamente o uso do "vous" de cortesía 8. O alumno comprende a estrutura e utiliza a negación. 9. O alumno comprende e sabe utilizar a elisión. 10. O alumno recoñece e utiliza o pronome ***on***. 11. O alumno domina o uso das preposicións de lugar. 12. O alumno entende, usa os determinantes posesivos dun soo posesor por oral e por escrito. 13. O alumno identifica, comprende e usa por oral e por escrito o presente do verbo **avoir e do verbo être.** 14. O alumno identifica, comprende e usa o presente dos verbos tipo **habiter**. 15. Identificar e saber conxugar e utilizar correctamente o presente do verbo s'appeler 16. O alumno conxuga e emprega oralmente e por escrito o imperativo de certos verbos.
Léxico de uso frecuente 1. Dominar o vocabulario dos saúdos, das cores. 2. Dominar o vocabulario dos números de 0 a 1000 3. Recoñecer e utilizar o vocabulario do	**Léxico de uso frecuente** 1. O alumno entende, lee, identifica, repite, contesta as presentacións e os saúdos por escrito 2. O alumno identifica, comprende, domina e apropiase do léxico relacionado cos números

material escolar, das materias do curso, da estrutura do colexio e dos días da semana. 4. Dominar o vocabulario dos meses do ano e dos días da semana. 5. Dominar e comprender o vocabulario das actividades deportivas e do tempo libre. 6. Recoñecer e ser capaz de utilizar os verbos de acción. 7. Recoñecer e ser capaz de utilizar certo vocabulario relacionado coa ecoloxía.	de 0 a 1000 3/4/5/6/7. O alumno identifica, comprende, domina e apropiase do léxico aprendido

2º ESO

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprensión oral e escrita. 1. Ser capaz de extraer e comprender información global y específica en pequenos textos orais e escritos relacionados cos temas tratados ao longo do curso. 2. Aplicar a comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente, así como os seus significados xerais asociados	**Comprensión oral e escrita.** 1. O alumno Identifica o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais ou escritos. breves e ben estruturados. 2. .Identifica coa axuda da imaxe e comprende, nunha conversación na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos relacionados cos contidos da unidade cando se lle fala con claridade e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o dito.
Expresión escrita 1. Ser capaz de elaborar frases cortas e de redactar pequenos textos para relacionados cos temas tratados ao longo do curso	**Expresión escrita** 1. O alumno elabora textos breves de estrutura simple e clara.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos 1. Incorporar á produción do texto oral/escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos ao longo do curso.	**Aspectos socioculturais e sociolingüísticos** 1. O alumno incorpora a produción persoal os coñecementos socioculturais adquiridos ao longo do curso.
Aspectos gramaticais **1**. Dominar o uso dos artigos definidos, indefinidos e partitivos. 2. Conxugar correctamente o verbo *être/avoir* e os verbos en –er tipo **manger** 3. Saber expresar e utilizar os pronomes reflexivos e conxugar correctamente os verbos pronominais. 4. Conxugar e aplicar correctamente o presente de diferentes verbos irregulares tipo **prendre** no presente. **5**. Dominar o uso dos diferentes tipos da frase interrogativa 6. Dominar a estrutura da frase negativa. **7**. Dominar o uso dos numerais ordinais. 8. Saber expresar e utilizar correctamente os pronomes persoais de complemento directo. 9. Recoñecer e saber aplicar correctamente as preposicións de lugar. 10. Recoñecer e saber utilizar o imperativo de certos verbos.	**Aspectos gramaticais** 1. O alumno comprende e é capaz de utilizar correctamente os elementos gramaticais vistos nas diferentes unidades. 2. O alumno comprende e elabora frases ordenadas e con sentido. 2. O alumno comprende e utiliza correctamente o presente do verbo *être/avoir* e dos verbos en –er tipo manger 3. O alumno comprende e emprega correctamente os verbos pronominais. 4. O alumno comprende e utiliza correctamente o presente de algún verbo irregular. 5. O alumno identifica e emprega as fórmulas para pedir e solicitar información. 6 O alumno responde de forma afirmativa e negativa as preguntas formuladas, empregando as estruturas sintácticas traballadas. 7. O alumno comprende e é capaz de utilizar correctamente os numerais ordinais. 8. O alumno comprende e utiliza correctamente os pronomes persoais de

	obxecto directo. 9- O alumno entende e domina o uso das preposicións de lugar. 10. O alumno comprende e emprega correctamente o imperativo de certos verbos.
Léxico de uso frecuente 1. Coñecer, comprender e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar información breve, simple sobre os temas traballados ao longo do curso	**Léxico de uso frecuente** 1. O alumno identifica, entende e utiliza un vocabulario suficiente para poder f escribir sobre os aspectos comunicativos tratados ao longo do curso.

3º ESO

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprensión oral e escrita. 1. Ser capaz de extraer e comprender información global y específica en pequenos textos orais e escritos relacionados cos temas tratados ao longo do curso. 2. Ser capaz de extraer e comprender información global y específica en pequenos textos orais e escritos relacionados con narracións de feitos ou de accións do pasado.	**Comprensión oral e escrita.** 1. O alumno identifica o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais ou escritos. breves e ben estruturados relacionados cos temas tratados durante o curso . 2. O alumno Identifica o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais ou escritos. breves e ben estruturados relacionados coa descrición e narracións de feitos e accións pasadas.
Expresión escrita. **1.** Ser capaz de escribir sobre os temas tratados ao longo do curso	**Expresión escrita.** 1**.** O alumno fai descricións seguindo un

2. Saber establecer estratexias para facerse entender. 3. Ser capaz de escribir sobre feitos e accións en pasado.	guión escrito, sobre aspectos concretos relacionados cos contidos das unidades traballadas ao longo do curso e responde a preguntas breves e sinxelas . 2. O alumno coñece e aplica estratexias adecuadas e manexa frases e fórmulas adecuadas para desenvolverse de forma suficientemente clara e cohesionada en intercambios tipo *jeu de rôle* 3. O alumno comprende, identifica, fala e escribe frases e textos breves sobre feitos e accións no pasado.
Aspectos socioculturais e sociolingüísticos 1. Valorar os documentos propostos como fonte de información e coñecemento. 2. Identificar e aceptar, a través do coñecemento da lingua, as diferencias culturais e de comportamento. 3. Incorporar á produción do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos:	**Aspectos socioculturais e sociolingüísticos** 1. O alumno incorpora a produción persoal os coñecementos socioculturais adquiridos o longo do curso 2. O alumno se interesa, comprende, lee documentos, elabora pequenos textos. 3. O alumno descubre, acércase, mostra interese, curiosidade, reflexiona, é capaz de comprender as similitudes e diferenzas entre aspectos socioculturais franceses e españois. ao mesmo tempo que elabora pequenas frases e textos sobre as mesmas.
Aspectos gramaticais 1. Dominar o uso dos artigos partitivos, de todo tipo e todas as súas particularidades. 2. Dominar o uso dos pronomes persoais complemento obxecto directo e indirecto. 3. Dominar o uso dos pronomes adverbiais	**Aspectos gramaticais** 1. O alumno comprende e é capaz de utilizar correctamente os artigos partitivos e é capaz de diferencialos dos artigos definidos e

EN/Y 4. Conxugar e aplicar perfectamente o presente dos verbos do 1º grupo (tipo manger), do 2º grupo (tipo finir) e de certos verbos do 3º grupo (*boire, prendre, vouloir…)* e saber empregar a expresión *il y a/il n'y a pas de...* 5. Identificar e saber empregar correctamente o imperativo afirmativo e negativo. 6. Dominar o passé composé empregando o auxiliar convinte, *être ou avoir* para contar accións do pasado en forma afirmativa e negativa. 7. Ser capaz de utilizar correctamente as partículas interrogativas: *Que?, Quoi?, Où?, Quand?* E saber responder as mesmas. 8. Ser capaz de expresar a cantidade correctamente. 9. Dominar as expresións e os adverbios de tempo: *hier soir, demain matin, à sept heures,,* 10.Ser capaz de utilizar correctamente as preposicións diante dos medios de transporte	indefinidos. 2. O alumno e capaz de distinguir e utilizar correctamente os pronomes persoais complemento obxecto directo e indirecto. 3. O alumno e capaz de distinguir e utilizar correctamente os pronomes adverbiais EN/Y 4. O alumno comprende e utiliza correctamente os verbos do 1º grupo (tipo manger), do 2º grupo (tipo finir) e de certos verbos do 3º grupo (*boire, prendre, vouloir…)* e sabe empregar a expresión *il y a/il n'y a pas de...* 5. O alumno comprende e emprega correctamente o imperativo afirmativo e negativo. 6. O alumno comprende e é capaz de utilizar correctamente o passé composé empregando o auxiliar convinte, *être ou avoir* para contar accións do pasado en forma afirmativa e negativa. 7. O alumno comprende e é capaz de utilizar correctamente as partículas interrogativas: *Qui?, Quoi?, Où?, Quand?* E sabe responder as mesmas. 8. O alumno e capaz de expresar a cantidade correctamente. 9. O alumno e capaz de utilizar e de diferenciar correctamente as expresións e os adverbios de tempo: *hier soir, demain matin, à sept heures* 10. O alumno comprende e é capaz de utilizar

	correctamente as preposicións diante dos medios de transporte.
Léxico de uso frecuente	**Léxico de uso frecuente**
1. Coñecer, comprender e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar información breve, simple sobre os temas traballados ao longo do curso	1. O alumno identifica, entende e utiliza un vocabulario suficiente para poder f escribir sobre os aspectos comunicativos tratados ao longo do curso.

15. 2 AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
Avaliación	Procedementos: Debido ao estado de excepcionalidade que pode provacar a COVID , o profesorado fará uso da Aula Virtual para seguir a actividade docente, propoñendo tarefas, traballos, probas ao seu respectivo alumnado. Haberá que ter en contaque as avaliacións sexan todas por ensino presencial ou non persencial e facer a diferencia entre as cualificacións obtidas durante o ensino presencial e o non presencial. Deste xeito se durante o curso houbera avaliacións con ensino presencial ,as notas obtidas durante o ensino presencial contarán un 60% e as non presenciáis un 40%. A avaliación non presencial realizarase en base á presentación por parte do alumnado das tarefas propostas. O profesorado fará un seguimento intensivo do alumnado que participe activamente no traballo e corrixirá e rexistrará cada entrega. A nota numérica obterase pola cualificación dos traballos entregados asignándolle un 40 % à produción escrita e un 60% à produción oral. Instrumentos: Os instrumentos que se van ter en conta

	para a avaliación son de carácter procedimental e actitudinal, debido a que son clases virtuais e non presenciais, entón constatarase -Traballos escritos -Cuestionarios -Presentación dos traballos - Videos e audios propios realizados segundo as consignas do profesor. -Probas desenvolvidas a través da Aula Virtual -Participación activa na Aula Virtual -Comunicación co docente e planteamento de dúbidas -Puntualidade na entrega das tarefas -Manexo coas tics (Aula Virtual, correo electrónico, elaboración de tarefas on line…)
Terceira avaliación	Na nota de final de curso valorarase a progresión positiva dos alumnos ó longo das avaliacións, xa foran presenciáis ou non presenciáis, xa que a materia rexese polo criterio de avaliación continua, polo tanto non será a media aritmética das avaliacións senón que se calculará da seguinte maneira: 1ªavaliación: 20% 2ª avaliación : 20% 3ª avaliación: 60%
Proba de recuperación a realizar no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final.	Aquel alumnado que non superara na terceira avaliación a materia realizará tarefas de reforzo dende ata finais de xuño data na que poderá realizar outra proba semellante á da terceira avaliación. A esta proba tamén poderá presentarse o alumnado aprobado que desexe aumentar a súa cualificación na materia, conservando sempre a nota obtida máis elevada. No caso de que o alumnado coa materia suspensa na terceira avaliación tampouco fose quen de superala na avaliación final tería que superala durante o vindeiro curso.
Alumnado de materia pendente	No curso presente non hai ningún alumno coa materia pendente.

15. 3 METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Metodoloxía e actividades	
Actividades	Lecturas de pequenos textos seleccionados polo profesor. Realización de fichas de exercicios escritos elaboradas polo profesor baseadas no contido dos textos propostos. Realización de exercicios escritos con contidos gramaticais seguindo sempre un estímulo proposto tras a audición dos arquivos gravados polo profesor dos mesmos. Realización de exercicios da Grammaire progressive du francais que poden descargar da rede. Visualización de vídeos sinxelos atopados na rede sobre os bos hábitos durante a pandemia. Audición de cancións francesas tradicionais. Gravación de documentos de audio sobre os temas propostos nas actividades máis arriba mencionadas. Gravación de pequenos vídeos sobre os temas propostos nas actividades a realizar.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O alumnado recibirá as instrucións e as tarefas tanto a través da aula virtual como do correo electrónico persoal. Con cada tarefa recibira tamén o audio da mesma gravado polo profesor co fin de que poidan escoitar a pronunciación tantas veces como fora necesario. Ademais da tarefa e do audio das mesmas recibirá tamén o prazo de entrega das mesmas. As tarefas realizadas serán enviadas ao correo electrónico do profesor desde o cal se lles comunica o resultado das mesmas ou as posibles correccións a facer. As posibles dúbidas que se poidan plantexar son solucionadas a través do Wathsapp por ser un método máis inmediato. Tamén a través do Wathsapp se reciben os vídeos realizados polo alumnado cando o seu peso é demasiado e non o acepta a

	capacidade do correo electrónico. Mantense contacto cos titores a través do teléfono, envíaselles a información a través do correo electrónico así como durante os videoclaustros realizados periódicamente.
Materiais e recursos	Fichas elaboradas polo profesor e enviadas a través da aula virtual ou do correo electrónico Arquivos de audio gravados polo profesor coa pronunciación e explicacións pertencentes a cada tarefa. Vídeos de Youtube. Grammaire progressive du français . Correo electrónico Wathsapp Cisco Webex . Aula virtual Edixgal

15. 4 INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	Manterase comunicación co alumnado a través do correo electrónico, dos grupos de wathsapp creados con cada nivel co fin de poder solucionar as dúbidas que se plantexen con máis dilixencia.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

En Barro a 20 de setembro de 2021

Asdo: Antonio Pena Abal.